

**O CONTRADECRETAZO**

**RESPOTOS** O sentir maioritario ante o informe da RAG é a aprobación e a consecuente petición ao Goberno de que retire as bases do novo decreto que regulará o uso galego no ensino

# Reaccións contundentes

**Asociacións de pais, sindicatos, colectivos normalizadores e escritores atosan o seu acordo co documento**

**maré · Santiago**

As primeiras reaccións ante o informe da RAG foron contundentes no seu apoio a esta institución e na correlativa petición ao Goberno de que retire as bases do novo decreto. "O que ten que facer o Goberno galego é escutar a sociedade e retirar o seu decreto. Agardamos que escute unha institución centenaria e do prestixio da RAG. O informe, que nós aplaudimos, está á altura da agresión histórica que está a sufrir o galego. Só a Congapa apoia as bases do decreto. Ningunha outra asociación de pais, asociación estudiantil, sindicato, colectivo do país o apoia, o cal debería convocar o Goberno á reflexión". Estas palabras do polo presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Carlos Callón, condensan ben o sentir maioritario das organizacións consultadas onte por este xornal.

O presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), Cesáreo Sánchez, concorda "totalmente co ditame da Academia tanto polos seus argumentos como polo sustento legal que desenvolven". Ao seu ver, "é importante que institucións centrais acheguen unha visión clara do negativo e regresivo que supón este decreto en contra a nosa lingua".

Por iso, o presidente da AELG, colectivo que forma parte de Queremos Galego, trasladoulle á RAG as súas "felicitacións" por "ocupar o lugar central do debate sobre o noso idioma". Nun comunicado, a AELG qualifica de "involucionistas" as bases do decreto presentado por Feijoo xa que a súa política se materializa na "anulación de dereitos legais" e nunha "forzada involución no proceso normalizador" do galego no ámbito educativo. Na súa opinión, "sería importante, un síntoma de sensatez por parte do Goberno galego que escutase o que acaba de ditaminar a Academia e máis de seiscentos colectivos que forman parte de Queremos Galego".

Virgilio Gantes, da Confederación de asociacións de pais de centros públicos, (Confapa), di que "nós estamos de acordo co que dí a RAG no seu pronunciamento. Para cambiar un sistema educativo, e a LOE así o dí, o primeiro que hai que facer é unha avaliación de diagnóstico. Ver o que está fallando, e despois decidir. Se cadra descubrimos que o castelán necesita un reforzo,



As bases do decreto do goberno de Feijoo, -á esquerda, co conselleiro de Educación-, convencen só a un colectivo

**GALICIA BILINGÜE**

## Lago: "A RAG estaba de acordo co decreto de imposición"

Gloria Lago, presidenta de Galicia Bilingüe, reconeceu onte que a Real Academia Galega "ten dereito a expresar a sua opinión" ainda que non a comparte. "A RAG ten como obxectivos defender os dereitos do galego mentres que Galicia Bilingüe defende os dereitos do cidadáns, e para nós, o primeiro é o benestar dos nenos", apuntou.

"Acaso a Academia non establece de acordo co anterior decreto segundo o cal todos os rapaces tiñan que estudar galego por imposición? Nós non estamos de acordo con iso", remarcou Lago. A presidenta de Galicia Bilingüe mostrou

o seu desencanto co presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo. "Aguardabamos que cumprise as súas promesas pero non o fixo. Debería explicarnos por que non o fixo", comentou.

Ao seu ver, a participación dos pais segundo as bases do novo decreto, "é case inexistente". Segundo indica, "só se limita a decidir en que materia prefires que che imponan a lingua" Segundo explicou Lago, Feijoo prometeu que elixiría a lingua das materias troncais e que o resto se impartirían en galego. "Non pedimos que se cumpran as nosas propostas pero si

o que prometeu, é algo razonable". Galicia Bilingüe apostou por que no sistema educativo galego se poida elixir "a lingua vehicular" e que o galego se estude "como materia" materia". En opinión de Gloria Lago, os pais atoparanse en sembrado deste ano con que "en vez dun 50% mínimo de materias impartidas en galego como establecía o anterior sistema, constituirán un 50 por cento máximo as materias que poidan estudiarse nesta lingua, e que non se permitirá aos nenos levar os libros no seu idioma, que é algo que prometeu de forma retida", concíllie.

**CONGAPA**

## Villarino: "O texto está tinguido de desquite lingüístico"

Jorge Villarino, presidente da Federación de asociacións de pais de centros concertados (Congapa) afirmou que "non me sorprende. É lóxico que á RAG lle pareza mal calquera retroceso do ensino en galego". O que "non me gusta", engadiu, "é que todo o texto está tinguido dun desquite lingüístico. Di por exemplo que o TC non reconoce o dereito dos pais a escollear. En realidade, o Tribunal aclarou que non é un derecho constitucional, o cal non significa que a administración educativa non poida establecelo. A RAG non é coerente cando di que o modelo de inmersión é

bo, pero deféndeo para o galego e descártalo para o inglés". O texto invoca a xurisprudencia, ao ver de Villarino, "dun modo sesgado, con prejuízos cara ao galego, por exemplo cando dá por suposto que os pais van escollear sempre o castelán porque a televisión está en castelán... Ademais, o que así demostra é o seu fracaso co galego, despois de anos traballando".

"Agradaba un texto de maior altura intelectual. As bases do decreto, ademais, para primaria, secundaria e bacharelato só establecen que os pais escollan en dúas das materias troncais. O informe é moi parcial, e

amosa unha pseudoaltura xurídica que non ten. Apóiasi en argumentos pseudopolíticos, entra a valorar as promesas electorais do presidente.", opina. "Cando fala de discriminación positiva, non di que o galego xa está protexido por políticas de discriminación positiva. A propia RAG, no último Mapa Sociolingüístico, di que falan galego habitualmente o 39% dos galegos. Por iso, darlle un tratamento igual que o do castelán: 33%, ou a metade mentres non se poida impartir o 33% en inglés, xa é discriminatorio positivamente. O decreto o que dí é que ten que haber unha paridade".

ou o galego. Que se cambie o sistema porque se dixo nunha campaña electoral que os pais ían ter dereito a decidir, non ten sentido".

"A educación ten que ser igual para todos. E o que hai que conseguir é, como dí a lei, que os rapaces aos 16 anos teñan igual competencia nas dúas linguas. A porcentaxe de materias a impartir en cada lingua é unha decisión dos técnicos da Xunta, a partir da avaliación. A cuestión é como facer para que haxa unha educación de calidade, e para iso se cada dra o que se precisa é un maior investimento", engade.

"O partido do goberno ten que tomar a educación en serio, e buscar o consenso. A Real Academia ten razón cando di o da elección por parte das familias: non se pode cambiar o sistema porque o digan os pais, porque é unha cuestión que afecta a toda a sociedade. Non vale facer unha enquisa na que os pais que teñen tres fillos poden responder tres veces...", indicou. Pola súa banda, o secretario nacional de CIG-Ensino, Anxo Louzao, indica que "o informe da RAG o que vén é corroborar que o PP queda só. Non hai ningunha institución, ningún sindicato ou colectivo que estea co decreto. Ningún cun mínimo de sensibilidade cara ao noso idioma, que é a gran maioria".

O Goberno do PP debe tomar nota, ao ver de Louzao, e volver ao respecto da normativa vixente, retirar as bases do novo decreto e recuperar o 124/2007, aprobado polo bipartito. Louzao expresou, por outra banda, a súa satisfacción porque unha institución como a RAG se pronunciase dun xeito tan claro, apoiando así as organizacións que traballan pola normalización do galego. "Tal como están, as bases do decreto non respectan o Estatuto, a Lei de Normalización Lingüística, produzéuse un retroceso de volta a unha situación anterior ao ano 83, abre a porta á segregación en contra do que dí o artigo 13 da Lei de Normalización...", comentou.

Alén da cuestión xurídica, "estamos ante unha proposta involucionista, que desde o punto de vista da normalización non hai por onde collela. O obxectivo destas bases para o decreto é marxinar o galego no ensino de xeito que quede reducido a unha peza de museo e acabe por desaparecer. Isto queda claro se ollamos á situación sociolinguística do país. O texto foi feito por persoas moi intelixentes, que sabían moi ben como enganar para erradicar o galego. Saben moi ben que é unha aberración pedagógica, unha ilegalidade, un intento de acabar co idioma, pero van atopar resistencia", concluiu. •